

# MOAÑA

Aprobado definitivamente o Regulamento Municipal de Servicios de Autoturismo do Concello de Moaña e o artigo 8 da Ordenanza da Taxa por Licencias de Autoturismo e demais vehículos de aluguer, faise público ó abeiro do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.

## REGULAMENTO MUNICIPAL SERVICIO DE AUTOTURISMO DENTRO DO TERMINO MUNICIPAL DE MOAÑA

### CAPITULO I

Artigo 1.- O obxecto deste Regulamento é a regulamentación do exercicio da actividade do Transporte Urbano de Viaxeiros en automóviles lixeiros de aluguer con conductor, na modalidade de autoturismo dentro do termino municipal do Concello de Moaña.

Artigo 2.- Son normas complementarias deste Regulamento o Regulamento Nacional de los servicios Urbanos e Interurbanos, de Transportes en Automóviles ligeros de 16 de marzo de 1979, o Código de Circulación e os Bandos, Normas ou Instrucións dictadas polo Concello ou Alcaldía no Exercicio das súas competencias.

Artigo 3.- O ámbito de aplicación deste Regulamento refírese a modalidade de servicio da clase B “Autoturismo”.

### CAPITULO II

#### As licencias

Sección primeira: Das competencias dos órganos municipais en relación coas licencias.

Artigo 4.- A concesión de licencias para exercer los servicios de transporte urbano de viaxeiros, para adscribir vehículos ós mesmos e para conducirlos é competencia do Concello que o desenrolará de forma prevista neste Regulamento.

Artigo 5.

1.- Correspondente ó Concello Pleno:

a) Acorda-la ampliación ou diminución do número de licencias.

b) Fixa-lo número e ubicación das paradas.

c) Establece-los requisitos que teñen que reuni-los aspirantes ás licencias do turno de libre adxudicación polo Concello no caso de que proceda

2.- Correspondentes á Comisión de Goberno:

a) Concesión das licencias que queden vacantes ou das que se amplíen.

b) Retirada das licencias nos casos en que proceda.

c) Concesión e retirada dos permisos de conducir os vehículos e a súa renovación.

d) Autoriza-la transmisión de licencias nos casos en que proceda.

e) Concesión das autorizacións para adscribir os vehículos ó servicio público e para a súa substitución.

f) A imposición de sancións nos casos en que proceda.

g) A concesión de excedencias nos casos en que proceda.

3.- Será de competencia da Alcaldía.

- a) As facultades de inspección sobre o funcionamento do servicio.
- b) A iniciación dos expedientes disciplinarios.
- c) A suspensión de licencias en propiedade, do vehículo ou do conductor, en tanto non se sustancia o correspondente expediente se a gravidade da falta o requirise.
- d) Todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas polas disposicións aplicables ó Pleno ou á Comisión de Goberno.

Sección segunda: Licencias para servicios e vehículos.

Artigo 6.- Para o exercicio do servicio público regulado por este Regulamento será condición precisa estar en posesión da correspondente licenza municipal. Poderán obter a licenza municipal os condutores asalariados dos titulares das licencias de Autoturismo que estén en posesión do Permiso Municipal de Conductor expedido polo Concello, e as persoas naturais ou xurídicas que obteñan mediante concurso libre.

Artigo 7.- Se considerarán incompatibles para a obtención de licencias.

- a) Os membros da corporación de Moaña e, en xeral, calesqueira autoridades ou membros da administración local, estatal ou autonómica, ou organismos autónomos.
- b) Os parentes ata o terceiro grado inclusive dos membros da corporación do concello de Moaña, unicamente para as licencias de libre adxudicación.
- c) Os funcionarios públicos en activo.
- d) As sociedades nas que algunha das persoas mencionadas nos apartados anteriores tivera o ser nomeado ou adquirira despois máis do 10% dos títulos representativos do capital social ou unha participación equivalente nos beneficios ou ostentase na mesma algún cargo directivo.

Artigo 8.- Están incapacitados para obter licencias:

- a) Os comprendidos nalgunha das causas de incapacidade previstas para contratar coas Corporación locais.
- b) Os que perderan licenza por sanción do Concello ou declaración de caducidade.
- c) Os condutores asalariados ou titulares de licenza que foran sancionados por actos cometidos na prestación do servicio, nos últimos cinco anos anteriores á solicitude de licenza.

Artigo 9.- Quedan excluídos da concesión de licencias correspondentes ao turno libre de adxudicación os que sexan ou tivesen sido titulares de licencias nos cinco anos anteriores.

Artigo 10.- O concello terá en conta, para concesión de licencias, tanto nos casos de ampliación do seu número como das vacantes que se produzan, un sistema de rotación, de tal xeito que teñan prioridade os condutores asalariados que teñan un tempo de servicio non inferior a un ano consecutivo, por rigurosa e continuada antigüidade. Se por algunha circunstancia quedaran sen adxudicar estas licencias, serán adxudicadas libremente polo concello mediante concurso libre e de conformidade coas normas de contratación local.

Artigo 11.- Unha vez outorgada a licenza, o adxudicatario atópase na obriga de presentar no prazo de 60 días naturais o vehículo correspondente acompañado dos seguintes documentos:

- a) Certificados de Aduana ou de fabricación no que se recollan todos os datos referentes ao vehículo (marca, potencia, antigüidade..., etc.), se non está matriculado, ou Permiso de Circulación no caso de estar matriculado.
- b) Póliza de seguro que cubra responsabilidade civil ilimitada, danos a viaxeiros ou a terceiros.

Artigo 12.- A vista do vehículo e da documentación presentada reúne as condicións esixidas, outorgarase licenzia individualizada para o referido vehículo, que o será “provisoria” en tanto non se presente no Concello o certificado expedido pola Delegación Provincial de Transportes Acreditativo de ter feitas as revisións que para os vehículos de servizo público sinala o código da circulación e tarxeta V.T.

Artigo 13.- No prazo de 60 días naturais, contados desde a data de concesión da licenzia municipal, os seus titulares están obrigados a prestar o servizo de maneira inmediata e con vehículos afectados a cada unha delas.

Artigo 14.- En ningún caso poderá deixarse de prestar servizos durante 30 días consecutivos e 60 alternos dentro de cada ano natural, agás causa de forza maior e por un prazo máximo dun ano. Transcorridos estes prazos a licenzia en cuestión caducará e o concello procederá a súa nova adxudicación ou amortización segundos o estimase conveniente.

Artigo 15.- Os concesionarios da licenzia poderán ser substituír o vehículo adscrito á mesma por outro máis moderno un de superiores condicións sempre que supoña unha mellora do servizo, sempre que reúna as condicións establecidas neste regulamento e previo pago das taxas correspondentes no caso de que proceda segundo se o procedemento previsto para o caso da posta en servizo do vehículo polo titular da nova licenzia

Artigo 16.- As transmisións dos vehículos automóbiles con independencia da licenzia municipal á que están adscritos levan implícita a anulación desta, agás que no prazo de 3 meses desde efectuada a transmisión o transmitente aplique a licenzia a outro vehículo da súa propiedade contando para iso coa previa autorización do concello.

Artigo 17.- Os titulares das licenzias a que se refire este regulamento non poderán arrendar, ceder ou prestar a explotación dos vehículos adscritos a licenzia, nin outorgar tampouco ningún tipo de apoderamento ou mandato a favor doutra persoa para o exercicio do servizo, a súa administración ou uso , agás nos supostos en que o mandato sexa o propio dos administradores, xerentes ou directores de sociedades ou persoas xurídicas titulares de licenzias, A infracción deste precepto dará lugar á caducidade e retirada da licenzia.

Artigo 18.- Sen perxucio doutros supostos concretos previstos deste Regulamento, as licenzias perderanse:

- a) Por renuncia expresa do seu titular.
- b) Polo percorrer de 60 días naturais, contados a partir da notificación da concesión da licenzia se presentar o vehículo no concello ou non empezar a prestación do servizo no devandito prazo.
- c) Por incumprimento das obrigacións inherentes á licenzia.
- d) Por perda das condicións particulares esixidas para a obtención deste regulamente en canto as condicións e utilización dos vehículos.

Sección terceira: Licenzias para conducir vehículos.

Artigo 19.- Todos os vehículos adscritos ao servizo que regula este Regulamento deberán ser conducidos por quen se atopen en posesión do permiso municipal de conductor, que concretamente para tales clases de vehículos será expedido polo concello

Artigo 20.- Poderán solicitar o permiso municipal de conductor os maiores de 18 anos, con residencia ou empadroados no municipio que no se atopen en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade previstas neste Regulamento. A expedición do Permiso será gratuíta denegándose a taxa correspondente cando se produza a súa renovación.

Artigo 21.- A toda solicitude de permiso municipal de conductor deberan acompañarse os seguintes documentos:

- 1) Carné de conducir da categoría esixida legalmente.
- 2) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa e que posúe aptitude física que non lle impide conducir nun vehículo de servizo público.
- 3) Dúas fotografías tamaño carné.
- 4) Certificado de residencia e de atoparse empadroado no Concello de Moaña.
- 5) Certificado acreditativo de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas neste Regulamento.

Artigo 22.- Os permisos municipais para conducir vehículos de servizo urbano renovarase cada cinco anos, mediante a presentación dos documentos aos que refire o artigo anterior.

Artigo 23.- Os permisos municipais de conducir serán anulados:

- 1) Por perda dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.
- 2) Polo percorrer dun ano sen exercer-la actividade regulada nos mesmos
- 3) En virtude de expediente instruído con motivo de faltas cometidas polo titular do permiso.

Artigo 24.- A posesión do permiso municipal de conducir habilita ó seu titular para conducir-lo vehículo para o cal solicitou.

Artigo 25.- Toda empresa ou persoa que contrae a un conductor ou despida deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do concello, dentro das 24 horas en que houbera contratado ou despedido.

Artigo 26.- Igualmente, os conductores asalariados deberán comunicar ó concello o cambio de patrono, acompañando a necesaria documentación antes de entrar a prestar servizo co novo.

Artigo 27.- Os titulares do permiso municipal de conductor, para obter autorización para conducir determinado vehículo, cando non sea da súa propiedade deberán presentalo oportuno contrato de traballo e o resgardo de atoparse o conductor debidamente afiliado á Seguridade Social. O incumprimento do establecido neste e nos capítulos anteriores determinará a perda do permiso municipal de conductor, recabando a responsabilidade do titular da licenza, coa perda da mesma se tal responsabilidade lle fora imputable.

### CAPITULO III

#### Os vehículos: Normas xerais

Artigo 28.- Os automóviles os que se refire este regulamento deberan estar provistos de carrocería pechada, con portas de fácil acceso, levando nas mesmas e na parte posterior ventanillas en número dabondo para conquistar máis visibilidade, luminosidade e ventilación posible, provistos de cristais transparentes e inastillables. A limpeza e decoro dos mesmos será inexcusable. No interior do vehículo se levará instalación de alumado eléctrico e extintores.

Artigo 29.- En ningún caso as portas serán corredeiras ou plegables, e sempre perfectamente practicables para permiti-la entrada e saída nos vehículos atopándose dotadas do mecanismo necesario para acciona-los cristais das ventanas.

Artigo 30.- O concello ordenará anualmente a revisión de tódolos vehículos destinados ó servizo público para comprobar tanto o bo estado conservación, presentación e limpeza dos mesmos, como a súa documentación. Sen perxucio diso a

alcaldía poderá ordenar tamén en calquera momento unha revisión extraordinaria de todos ou algúns dos devanditos vehículos.

Artigo 31.- Na revisión poderán estar presentes as persoas que determine o Alcalde. Os vehículos asistirán as mesmas conducidos por sus conductores, non podendo un conductor levar mais dun vehículo.

Artigo 32.- Os titulares das licencias dos que os vehículos non reúnan as condicións esixidas no presente regulamento no momento de efectuarse a revisión, perderán temporalmente as licencias en tanto non fagan as oportunas reparacións e non poden prestar servicio de novo sen un recoñecemento previo no que se comprobe a subsanación das deficiencias observadas.

Se as anomalías obedeceran partes do motor ou mecánicas, os vehículos poderán ser declarados inútiles para o servicio sen que o titular poida reclamar indemnización algunha. Neste caso, o titular disporá de 60 días naturais para presentar outro vehículo, ou deberá reunir tódolos requisitos esixidos caducando a licencia se deixara percorrelo ese prazo sen presen o vehículo.

Artigo 33.- Os axentes da policía local estarán facultados, en todo momento, para inspeccionar nas vías publicas ou nas paradas o bo estado de conservación, presentación e limpeza dos vehículos así como a documentación referente aos mesmos, aos seus titulares e aso conductores.

Artigo 34.- Os vehículos deberan desinfectarse, alomenos, unha vez ao ano e sempre que a alcaldía ou as autoridades sanitarias, por estimalo necesario, así o dispuxeran.

Artigo 35.- Non poderán colocarse ningunha clase de anuncios no interior dos vehículos a que se refire este Regulamento sen a oportuna licencia municipal, que so outorgarase naqueles casos en que se conserve a unidade estética do vehículo e non impiden a visibilidade.

Artigo 36.- Non se autorizara a posta en servicio dos vehículos que teñan unha antigüidade superior a 4 anos, suspendéndose a partir dos 12 anos de antigüidade a licencia municipal, de xeito automático.

## CAPITULO IV

### Os conductores

Artigo 37.- Con independencia das condicións laborais reguladas pola lexislación vixente, os conductores dos vehículos comprendidos neste Regulamento veñen obrigados a cumprir escrupulosamente as disposicións do mesmo.

Artigo 38.- Os conductores dos vehículos iran provistos do permiso de conducir correspondente e do permiso municipal que lle autorice para exceder a súa profesión no vehículo que conduzan.

Artigo 39.- Mentres se atopen de servicio, os conductores na súa relación co público, gardarán a debida compostura, corrección, educación y cortesía, expresándose sempre con bos modais e evitando discusións. Prestarán axuda as persoas de idade e impedidas

Artigo 40.- Está terminantemente prohibido aos conductores:

- 1) Ofrecer os vehículos a voces e saír ao encontro dos viaxeiros.
- 2) Discutir na parada.
- 3) Abandonar o vehículo cando se atopen de servicio, agás os casos de forza maior ou xustificada.
- 4) Situar os vehículos en lugares non autorizados.

5) Levar no vehículo a unha terceira persoa sen coñecemento e consentimento de que alugara o vehículo.

Artigo 41.- Os conductores dos vehículos virán obrigados a proporcionar ao cliente cambio de moneda metálico u billetes ata a cuantía de mil pesetas.

## CAPITULO V

Do servicio e da súa forma de prestación.

Artigo 42.- Os automóviles destinados a este servicio non poderán ter unha potencia inferior a 1.200 C.C

Artigo 43.- Os vehículos utilizarán como distintivos:

- a) As placas S.P acreditativas do servicio segundo o Código da circulación.
- b) En ámbalas dúas portas dianteiras, no centro e na parte superior da franxa legarán o escudo de Moaña e na súa parte inferior o número da licenza.
- c) Na parte superior do parabrisas dianteiro, e traseiro levará o numero da licenza.
- d) Na parte superior dianteira, no exterior, unha luz verde ven visible.
- c) No interior do vehículo e de forma perfectamente visible levarán as tarifas de prezos que atopáranse en vixencia e o numero da licenza.

Artigo 44.- O concello ondeará e sinalará o numero de paradas e a súa situación, a capacidade de vehículos de cada unha e a súa situación, a capacidade de vehículos de cada unha e a súa forma de estacionamento, dentro do principio de igualdade.

Artigo 45.- A toma de viaxeiros na parada será por orde correlativo á situación do vehículo na mesma. Os turnos de traballo establecidos polo concello serán de obrigado cumprimento. As horas mínimas de prestación de servicio serán oito e poderán disfrutar de 30 días de vacacións, dando conta á alcaldía, que autorizará en función das necesidades do servicio.

Artigo 46.- Todo vehículo situado na parada considerarase en disposición libre e cando se atope contratado deberán abandonar a parada 15 minutos antes da realización do servicio.

Artigo 47.- O conductor dun vehículo situado na parada non poderá negarse a realización dun servicio agás que existira unha causa xusta. Considéranse causa xusta:

- a) Ser requerido por individuos perseguidos pola policía.
- b) Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó autorizado para o vehículo.
- c) Cando casqueira dos viaxeiros se atopara en estado de manifesta embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, agás os casos de perigo grave para a súa vida ou integridade física.
- d) Cando a natureza dos bultos ou as equipaxes ou animais dos que sexan portadores poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.
- e) Cando sexan requiridos para prestar os servicios por vías intransitables ou que ofrezan perigo para a seguridade ou a integridade tanto dos ocupantes e do conductor como do vehículo.

Artigo 48.- Cando os viaxeiros abandone transitoriamente o vehículo por eles alugando e os conductores deben esperar o regreso daqueles, poderán recabar dos mesmos, como garantía, o importante do percorrido mais media hora de espera en zona urbana e unha en descampado, agotado o cal poderán considerarse desvinculados do servicio.

Artigo 49.- No caso de accidente ou avería que faga imposible a continuidade do servizo o viaxeiro tera que abandonar o importante de tal servizo ata o momento da avería ou accidente.

Artigo 50.- A comisión de goberno do concello e acripación establecerán, segundo as necesidades, os turnos de traballo e os servizos mínimos para noite, días festivos, etc.

## CAPITULO VI

### Infraccións e a súa sanción

Artigo 51.- As infraccións que, con ocasión de exercer a actividade propia deste servizo, se cometan contra o disposto no código da circulación, este regulamento e os Bandos ou normas complementarias serán sancionados polos órganos correspondentes.

Artigo 52.- As infraccións terán a consideración de faltas leves, graves e moi graves. Se graduarán aténdose a súa importancia, sinalándose como específicas as seguintes, se ben a súa enumeración ten carácter limitativo e sementes enunciativo.

#### I. Para os titulares de licencias

##### Leves.

1.- Descoido no estado xeral e asco interior do vehículo así como do aseo persoal.

2.- A falta de prestación do servizo un día sen causa xustificada.

3.- Instalar anuncios nos vehículos sen a correspondente autorización municipal.

4.- Non levar nos vehículos os distintivos internos obrigatorios.

5.- Non concorrer ás paradas.

6.- Non levar postas, en sitio visible, as tarifas vixentes.

##### Graves.

1.- Ter en servizo o vehículo sen te-las condicións necesarias.

2.- Non poñer en coñecemento da Policía Local as causas que lle impiden a prestación do servizo por máis dun día dentro das 24 horas seguintes á produción da dita causa.

3.- Non reparar, dentro do prazo concedido ó efecto, as deficiencias que se observaran no vehículo ó pasa-las revisións anuais e en calquera outro momento que indique o concello.

4.- A conducción do vehículo por persoa que, contando co permiso municipal non teña para o vehículo que se conduce.

5.- Non verifica-las reparacións necesarias para seguridade das persoas transportadas.

6.- Non poseer concertada a póliza de seguros que se esixe por este regulamento.

7.- Non poñer en coñecemento do concello a contratación ou despedido dun conductor.

8.- Non ter instalados os distintivos externos do vehículo tal e como esixe este Regulamento.

9.- O incumprimento das disposicións que emanen do concello en canto horarios, turnos, e organización do traballo.

10.- A comisión por terceira vez nun prazo de seis meses de calquera das fatas calificadoreas de leves.

11.- Non estar ó corrente dos impostos e taxas municipais que graven a actividade e o vehículo.

##### Moi graves

1.- Reincidencia en falta grave.

2.- Continuar traballando atopándose incurso en calquera causa de incapacidade ou incompatibilidade.

3.- A transferencia anti-regulamentaria das licencias.

4.- A cesión o aluguer dun vehículo para o exercicio da actividade por un terceiro.

5.- Continuar prestando servizo cun vehículo que fora retirado do mesmo.

6.- Conducilo automóbil por unha persoa que non teña permiso municipal.

7.- No presentar ó vehículo ás revisións que foran ondeadas.

8.- Non ter afiliado ó conductor á seguridade social.

9.- As alteracións do conta kilómetros que impliquen fraude ó cliente.

10.- Adscribir ó servizo un vehículo distinto ó autorizado polo concello.

11.- A falseade en documentos ou comunicacións presentados ante o concello.

12.- Allea-lo vehículo con independencia da licenza sen aplicar un novo no prazo de tres meses.

13.- Arrendamento, préstamo ou cesión do vehículo para o exercicio do servizo.

Sen perxucio do que se disponga para sancionalas infraccións os supostos contemplados nos números 2, 3, 4, 10, 11, 12 e 13, levarán aparellados inexcusabelmente a perda da licenza.

II. Para os conductores.

Leves.

1.- Descoido no aseo persoal.

2.- Descoido no aseo interior do vehículo.

3.- Non observa-la preferencia para recoller viaxeiros na parada.

4.- Falta de cortesía cos viaxeiros.

5.- A falta de documentación prescrita no código da circulación e neste

Regulamento.

6.- Estacionar en sitio non autorizado para parada de taxis.

7.- Non realiza-la espera do viaxeiro nos supostos contemplados por este

Regulamento.

Graves.

1.- percibir tarifas superiores ou inferiores ás autorizadas ou esixir propinas.

2.- Discusións entre compañeiros de traballo.

3.- Non cumprilas ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro percorrendo maiores distancias innecesariamente para rendir servizos.

4.- Poñer en servizo un vehículo que non está na condición de funcionamento.

5.-Emprego de verbas ou xestos groseiros e de ameazas no trato co público ou dirixilas o viandante ou conductores doutros vehículos.

6.- Ser condenado en xuízo por faltas cometidas con ocasión do servizo.

7.- Non prestar socorro os accidentados ou non trasladar a enfermos ou feridos.

8.- Negativa a presta-lo servizo agás os casos contemplados por este

Regulamento.

9.- Non poñerse a disposición das autoridades ou os seus axentes cando foran requiridos para iso.

10.- Incumprimento do disposto polo concello en materia de horarios e turnos de traballo.

Moi graves.

1.- Abandonar ó viaxeiro sen realiza-lo servizo para o que foi requerido.

2.- Cometer cinco faltas leves nun período de tres meses.

3.- Conduci-lo vehículo en estado de embriaguez.



4.- Reter calquera obxecto abandonado no vehículo, sen dar conta diso á autoridade competente no prazo de 24 horas.

5.- Conduci-los vehículos de servizo público sen estar en posesión do Permiso municipal de conducir.

6.- A falsidade da documentación presentada ante o Concello, para calquer trámite relacionado co servizo.

Artigo 53.- As sancións consistirán.

a) Para as faltas leves, en amoestación o multa de 500 a 1000 pesetas.

b) Para as faltas graves, multa de 1000 a 5000 pesetas o retirada da licenza ou do permiso municipal de conductor polo prazo de tres a seis meses.

c) Para as faltas moi graves, retirada temporal, entre seis meses a un ano, ou definitiva da licenza ou do permiso municipal de conducir, segundo que a falta sexa cometida polo propietario do vehículo ou conductor do mesmo.

Artigo 54.- A reincidencia, sempre que tal circunstancia non implique modificación na cualificación das faltas, será castigada coa sanción máxima correspondente.

Artigo 55.- As faltas leves serán sancionadas pola alcaldía directamente, sen que sexa necesaria a instrución de expediente sancionador, nas graves e moi graves instruiranse expediente acordo coa lei de procedemento administrativo. En todos os expedientes en que a proposta de resolución consista na retirada da licenza ou perda da mesma polo titular darase previamente audiencia ás centrais sindicais e asociación de taxistas, que deberán pronunciarse no prazo máximo de 15 días desde a súa notificación.

#### Disposicións adicionais

Primeira.- Para o non previsto neste Regulamento estarase ao disposto no Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transporte en Automóbiles Lixeiros, na Lexislación Local vixente, Bandos da Alcaldía, normas do concello, Código de circulación e demais normas legais que lle sexan de aplicación.

Segunda.- Corresponde á policía local a vixilancia no cumprimento de todo o disposto neste regulamento, debendo denunciar ao alcalde todas aquelas infraccións que se observar contra as disposicións do mesmo.

#### Disposicións transitorias

Primeira. No prazo dun ano procederase á regulación das situacións de todos os titulares de licenza, conductores e vehículo acordo con este regulamento. A partir desa data actuarase de conformidade co previsto no mesmo en todos os seus aspectos.

Segunda. Aqueles que a entrada en vigor deste regulamento disfrutaran de excedencia, continuarán a disfrutala nas condicións nas que lle foi concedida sen perxucio de que os novos peticionarios se lles aplique a regulación prevista nese regulamento, e sen que cando remate sexa posible a prorroga da mesma

#### Disposición final

Primeira.- O presente regulamento entrara en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### Disposición derogatoria

Primeira.- A partir da entrada en vigor deste regulamento quedan derogados cantas disposicións, Bandos, Regulamentos e acordos municipais se opoñan ó mesmo.